XULLO-AGOSTO 2024
Revista Galega de Información Literaria - Ano 22 N.º 129
PVP 3 €

**Abel Tomé fala de *A noite do oso*, a novela coa que acadou o Premio García Barros 2024**

## Miguelanxo Prado remata con *Voitres* o díptico contra os depredadores das presas fáciles

# Biblos
CLUBE DE LECTORES













# Prosa, pan e poesía

Na libraría Biblos de Betanzos abrimos o bimestre maio-xuño rendidos ante a beleza da obra gráfica do poeta Manuel Álvarez Torneiro (A Coruña, 1932-2019), cando se achega a data do seu quinto cabodano, e pechámolo cativados polo relato sempre intenso e revelador do historietista Miguelanxo Prado que falou polo miúdo do esforzo que lle supuxo crear os dous libros de *Presas fáciles*.

O 3 de maio inauguramos a exposición de colaxes titulada “Don da mirada”, comisariada por Teresa Seara, que amosaba por vez primeira o enorme artista plástico que Torneiro agachou para si e as súas máis íntimas amizades, e o 31 presentamos A vixilia do bosque (Kalandraka), un novo libro póstumo do poeta coruñés, en edición ao coidado da profesora Seara Domínguez.

Cedimos á maxia que emana de *Quitar o aire*, o máis recente traballo discográfico de Sabela Caamaño e Antía Ameixeiras, e ante o potencial comunicador de ambas ao explicar tan ben a razón de ser de cada un dos temas do disco. Tamén ante a entrega de Eva Veiga e Francisco X. Fernández Naval ao compartir a lectura de textos de *Fragor do urdido* (Belagua), o libro de poemas sen marca de autoría que artellaron xuntos durante os silencios da pandemia de Covid-19.

O Día das Letras honramos a figura de Luísa Villalta e gozamos da louzanía dos novos intérpretes durante o concerto que dende hai anos celebra nesta data na libraría o alumnado da Escola de Música Clave de Fa que dirixe Fátima Carro. A presentación do libro de Edu Lavandeira *Pan galego* (Xerais) propiciou a participación de José Luis Miño, de Pan do tres de Vilarmaior, e de Manolo Amado, do forno Rabizas de Betanzos, nunha engaiolante conversa na que os tres compartiron coñecementos, reflexións e tamén emocións sobre a natureza do oficio de facer pan.

Mónica Fernández-Aceytuno, bióloga cunha ampla traxectoria como divulgadora científica que leva anos embarcada na tarefa de elaborar un Dicionario da Natureza, aprendeunos termos descoñecidos que recolle no seu libro titulado *Las 104 palabras del mar*.

“Non quero pasar máis tempo co corpo revolto”. Así de explícito foi Miguelanxo Prado á hora de falar da novela gráfica que xira arredor da pornografía infantil *Presas fáciles/Voitres* (Retranca). O Premio Nacional de Cómic confiounos que foi o seu libro “máis duro” e que con este volume que segue no tempo a *Presas fáciles/Hienas* dá por pechada a súa incursión no xénero negro de denuncia social.

Abel Tomé Piñeiro (Outes, 1984) publicou os seus primeiros libros logo de apalpar outros oficios que pouco tiñan que ver co mundo das letras. Este ano vén de gañar o Premio García Barros coa novela *A noite do oso*, unha distopía na que unha xornalista volta á súa aldea natal para asistir ao enterro do seu avó e tamén ao seu pasado. O autor é dos que sente que as aldeas son “centros de sabedoría fascinantes”, con mulleres dunha forza descomunal como as que habitaron a súa propia infancia. Estreouse na novela con *A noite do corvo*, abrindo así unha triloxía que seguiría con *A noite do lobo* (Premio Illa Nova de Narrativa) e que vén de rematar con *A noite do oso*. En 2015 levou o primeiro premio no certame de poesía da revista A Pipa e confésase fascinado pola poeta e novelista Sylvia Plath para a que reservou un lugar de prestixio na novela sobre a que conversa con Biblos.

### Coa novela gañadora do Premio García Bar

# “*A noite do oso* é unha histor
# trazos de novela fantástica e

O 2024 está a ser un ano redondo para Abel Tomé xa que tamén acadou o Premio Merlín de Literatura Infantil, coa obra *Milú e o edificio das persoas extraordinarias*, do que xa fora finalista dous anos antes coa novela de intriga e misterio *Liliam Strawberry e o paxaro da morte*.

**— *A noite do oso* pecha a triloxía iniciada en 2018 con *A noite do corvo*, que continuou ao ano seguinte en *A noite do lobo*. Que teñen en común estas tres obras?**

— Son novelas que se poden ler de xeito independente, pero aínda así, teñen en común moitas cousas. De primeiras, os tres libros semellan suceder no mesmo territorio distópico, aínda que en diferentes contextos históricos. *A noite do corvo* podemos situala nun momento actual. *A noite do lobo*, ao redor do século XVIII. E *A noite do oso*, no ano 1984. Hai un estilo común, tamén, que se identifica nas tres narracións. Quizais nas dúas primeiras os protagonistas son homes atormentados, cansos da vida, da situación de inxustiza social coa que conviven nas súas respectivas épocas, e meditan moito sobre iso. Pola contra, no último libro, aínda que a orixe da trama é escura, a protagonista é unha rapaza que se rebela e que incluso manifesta certa vea cómica, algo pouco habitual nos anteriores. Pero, se realmente existe un fío común entre os tres libros, en maior ou menor medida, ese sen dúbida é o das mulleres. Mulleres que configuraron a miña infancia. Avoas de loito perpetuo que pasaban horas sachando na horta, cortando a herba, apañando coles, debullando cos dedos as espigas de millo... Mulleres que posuían unha forza descomunal e que eran auténticas malabaristas. Mulleres cuxo esforzo non foi o suficientemente valorado, todo o contrario.

**— Vostede fixo un ciclo de Frío Industrial, traballou como soldador, estudou Xornalismo e fixo despois un mestrado en Dereitos Humanos. Cando chega ao mundo das letras faino dicindo que a súa primeira novela abre unha triloxía. Houbo algo de arrogancia nesa declaración ou foi un salto ao baleiro?**

— Máis ben diría que as letras chegaron a min. Nunca tiven unha atracción prematura pola literatura ou a escrita, coma sucede con outros autores. Foi con 16 anos, en 4º de ESO, cando unha profesora fixo abrollar en min esa habilidade. A ela é a quen lle dedico este libro. Ela puxo certo ímpeto en que continuase por ese camiño, incluso tratou seriamente con meus pais sobre isto. Pero o meu camiño virou cara o lado contrario. É necesario que conte isto polo que vén despois. Cando eu decido deixar o meu traballo, con 27 anos, e estudar xornalismo na Universidade de Santiago, apenas sei teclear diante dun ordenador. É unha ferramenta descoñecida para min, que non me fi-

**A Portada**
Os detectives Carlos Sotillo e Olga Tabares volven nun novo caso que pon o foco nas redes sociais e na pornografía infantil. Miguelanxo Prado, remata con *Presas fáciles. Voitres*, a súa incursión no xénero negro.

Biblos Clube de Lectores, S. L.
Quintá N.º 8 - Mandaio
15391 Cesuras - A Coruña
Teléfono: 981 777 207 Fax: 981 790 039
www.biblosclube.com
email: subscritores@biblosclube.com
Depósito Legal: C 285-03
ISSN: 1697-7440



ros 2024 Abel Tomé remata unha distopía en tres tempos

# ria que nos leva de novo á aldea, con un dicionario de palabras propias"

xo falta os dez anos anteriores nos que estiven de obra en obra traballando de fontaneiro, instalador de máquinas frigoríficas... Tiven que volver a construírme, por dicilo dalgún xeito. Así que de arrogancia, nada. Todo o contrario. Sei ben do niño humilde de onde veño, que é algo que teño enraizado e forma parte da miña composición vital. Evidentemente, isto todo é máis amplo, máis grande, e non se pode contar nunhas cantas liñas. Cando comecei a escribir *A noite do corvo* sucedeu coma algo espontáneo, xa que a min este tipo de ideas aparécenme así, de súpeto, na cabeza. Non é algo que traballe con anterioridade ou baixo certos hábitos e rutinas. Mentres escribía a obra comezou a aflorar a idea da triloxía, pero non hai máis explicación ca esa. De feito, escribindo *A noite do corvo* xa visualicei o tema principal de *A noite do lobo*. O mesmo me pasou con *A noite do oso*.

**— Os títulos das tres obras gardan semellanza, pero vostede non repite personaxes, opción pola que si se inclinan moitas autoras e autores do momento. É por non ir á moda?**

— Non. Sinceramente, non sei cal é a moda. É algo que aparece así, sen máis, non hai ningún tipo de pretensión. No meu caso, á medida que constrúo unha historia, vanme aparecendo outras ideas que me estoupan na cabeza. Ás veces, estou a escribir dúas ou tres historias á vez (o cal non é bo). Así teño o ordenador cheo de arquivos que corresponden a futuros textos que non dou pechado.

**— Nas tres novelas hai unha mestura entre lendas e realidade. Como concibe esta fusión?**

— Son fillo da aldea. Do rural. E os rituais que levantaron e conformaron a esa comunidade beben do misticismo e a mitoloxía. Da relación coa natureza, tamén. Contos de avoa, como se adoita dicir. A miña avoa paterna era moito de historias da Santa Compaña, de defuntos, espíritos, do lume, de lobos, todos vinculados coas milagres da relixión, claro. As aldeas son centros de sabedoría fascinantes. Sabedoría que se herdaba de boca en boca e que, tristemente, desaparece. En definitiva, son núcleos de literatura. Así que a configuración de lenda e realidade non debe ser estraña para nós, todo o contrario. Estamos rodeados desa magnífica simboloxía. E forma unha parte esencial, por non dicir a máis importante, na construción desta triloxía.

**— En *A noite do oso* reserva un papel especial á poeta e novelista Sylvia Plath. Cal é o sentido de rescatar a súa figura?**

— En primeiro lugar, eu teño certa fascinación por esta poeta. Quizais non tanto pola súa poesía, senón máis ben pola súa historia persoal e tráxico final. A protagonista de *A noite do oso*, Alexandra Moure, tamén sente unha fascinación parecida. Talvez de xeito máis romántico, máis circular. Pero tamén é certo que existe un feito que as vincula. Alexandra conversa continuamente con ela. Ás veces faille preguntas, desexando coñecer que é o que podería pasar dentro da cabeza da propia Sylvia Plath. E, outras, incluso se sente decepcionada con ela, abandonada, reprochándolle o suicidio. Coma un fan ao que lle custa asimilar a morte do seu ou a súa ídolo.

**— O tenente Gonçalves na primeira novela, o cazador de lobos Lourenço d'Ourantes na segunda, onde tamén aparece o Val de Constança. Cal é o significado desta nomenclatura?**

— Esta é unha triloxía que, insisto, se pode ler independente, pero os libros teñen fíos en común. En *A noite do lobo* dáselle unha entidade propia ao espazo onde ocorren os feitos. Inspirado un pouco no norte de Galicia e Portugal, neste caso, no distópico condado do Val de Constança (e en Luiçiana). E aínda que estaría ambientada no século XVIII, desexaba un enfoque máis medieval, que é algo que se especifica na novela. Velaí a elección das nomenclaturas, desexando recuperar o Antigo Reino. No caso de *A noite do corvo*, sabemos que o tenente Gonçalves naceu en Galataz, e que, nunha conversa co Chanceler Aindan Faol, na Illa de Gothard, falan de Galataz como "as antigas terras libres do norte", onde, ao longo da historia, houbo unha revolta que se perdeu. No caso de *A noite do lobo* non se menciona a Galataz como tal. Son os lectores quen deben situarse no mapa. En *A noite do oso* a trama sitúase na aldea de Caim que, á vez, forma parte de Galataz. Pero é certo que non se recorre a este tipo de nomenclaturas.

**— Pode dicirnos tres motivos para ler esta novela?**

— É unha novela curta, penso que moi fluída e sinxela de ler, onde non existe unha estrutura ríxida. Podemos atoparnos con soliloquios, poemas, cantos tradicionais, anotacións sobre un enterro, chamadas telefónicas, soños... E iso, ao meu xeito de ver, pode facer que o lector compoña o relato dende outro prisma, que a historia sexa máis ampla e non se centre só nos personaxes principais.

— É unha historia que xoga con diferentes tramas, a distintos niveis. Hai moitas preguntas que se van formulando e que nos abordan á medida que consumimos o relato. Interrogantes que se acumulan. E, quizais, non todos se resolvan. Deberá ser o lector quen intúa e complete a historia.

— É unha historia que nos leva de novo á aldea, ás súas paisaxes de pedra, aos seus rituais. Onde podemos cheirar o salitre do mar e, á vez, a resina que desprenden os troncos das árbores. Onde sentir a frialdade da néboa tecida e a calor do lume na cociña prendida. Unha historia que tamén contén trazos de novela fantástica onde se aborda certa mitoloxía e abrangue un dicionario de palabras propias.

## Abel Tomé

## A noite do oso

É 1984 (o mesmo ano no que naceu o autor). Despois de moito tempo, a xornalista Alexandra Moure regresa no seu coche dende a capital á súa vila natal para acudir ao enterro do seu avó, o cal alcumaban o Oso de Caim. Os días que pasa na casa familiar son unha continua revelación para ela, onde comeza a ser consciente dos feitos que, durante anos, foron construíndo a toda unha comunidade. Xunto a Lucas, un emigrante retornado da Arxentina, seguirá o rastro dos nazis na vila e descubrirá a terrible historia da familia Couto. Alexandra meditará sobre o pasado, os segredos da aldea, as relacións familiares e o vínculo emocional que sente coa poeta Sylvia Plath. E, todo isto, sen esquecer que, quizais, sexa ela a que oculte o maior segredo.




Galaxia Rústica
15 × 23 cm 190 páxinas
ISBN: 978-84-1176-219-9
18,05 €

TÍTULOS ANTERIORES:

**A noite do corvo**
Galaxia Rústica
13,5 × 21 cm 204 páxinas
ISBN: 978-84-9151-170-0
16,62 €

**A noite do lobo**
Galaxia Rústica
13,5 × 21 cm 216 páxinas
ISBN: 978-84-9151-357-5
17,57 €

**Liliam Strawberry e o paxaro da morte**
Xerais Rústica
14 × 18,5 cm 184 páxinas
ISBN: 978-84-1110-266-7
12,95 €




## Miguel Anxo Murado García

# A cantiga da Burata

"Obra de cerna evocativa envolta na rememoración, mais a alzaprema, o motor do relato, non é a nostalxia senón a crítica satírica: lembrar para mellorar o noso mundo", di Xabier Paz no prólogo. Engade que é un texto infrecuente polo léxico insólito, as pródigas referencias metaliterarias ás dúas culturas, ciencias e letras, e o ton singular, lúdico e satírico a un tempo. "Unha prosa que atranca a lectura automática e provoca distanciamento e gozo estético reflexivo". Logo da lectura, engade, "acaso sintamos medrar a apetencia de pasear polos adarves lugueses e sentir o pasado a remoer os pensamentos. Talvez o remate aberto veña lembrarnos, logo da crítica ao ámbito académico e cultural do texto, que, ao cabo, estamos ante un pretexto para rírmonos dos clixés dominantes".

Medulia Rústica 14 × 21 cm 120 páxinas

ISBN: 978-84-10324-15-2

17 €




## Sofía Ruvira

# Os corpos fráxiles

Novela sobre a relación entre unha neta e unha avoa. Sobre a descuberta da finitude, da fraxilidade. A primeira novela de Sofía Ruvira busca a literatura nos pequenos detalles e nas emocións universais que levan movendo o mundo dende sempre.

Aira Rústica 13 × 21 cm 88 páxinas

ISBN: 978-84-128581-9-8

15 €




## José G. Barral Sánchez

# Blues da Florida

Corría o ano 1968 cando o mundo pegou un estoupido. Os estudantes universitarios galegos tamén se rebelaron, o movemento obreiro tentaba rachar as estreiteces do Réxime. A cidade olívica axitouse nunha fase particularmente intensa do seu rexo crecemento económico. Esta novela instálase nesa época, levantando costuras e entreforros do poder, indagando nas bambolinas que protagonizaron os axentes económicos, e mergullándose nas liortas de grupos enfrontados. A controvertida decisión de eliminar os tranvías abriu unha profunda fenda na vida cotiá e dividiu á sociedade viguesa, para deixar unha cicatriz que aínda mostra as costuras medio século despois.

Medulia Rústica 15 × 23 cm 318 páxinas

ISBN: 978-84-10324-16-9

18,90 €




## Rosa Suárez Redondo

# A miña vida noutro lugar

Mercedes volveu dos EUA embarazada dunha filla, Indira, á que nunca lle desvelou a identidade do seu pai. Tres décadas transcorren entre esa viaxe de ida e volta de Ribadomar a Denver para cursar estudos universitarios, e a de Indira, quen segue as pegadas da súa nai e regresa de América con información inesperada e reveladora. Con prosa sinxela e ritmo áxil, cun chisco de humor e misterio, sen pudor nin sentimentalismos, *A miña vida noutro lugar* narra a vida íntima dunha muller que valora o alleo sempre por riba do propio. Amor, soidade e identidade impregnan estás páxinas.

Toxosoutos Rústica
13 × 20 cm 126 páxinas

ISBN: 978-84-128497-5-2

13 €




## Xosé Fernández Otero

# Oniria

Oniria abre a porta á reflexión sobre o poder de influencia da persoa en todo canto acontece no día a día. Un belisco de intrahistoria. Xosé Fernández Otero, nado en O Grove a finais dos setenta estudou Inef e doutorouse pola Universidade de Vigo, despois de pasar polo mundo do ensino nas diferentes etapas: infantil, primaria, secundaria e adultos, atopou na xestión deportiva o seu estímulo profesional. Declárase amante dos momentos, deses praceres vitais que se agochan nas cousas cotiás como unha conversa, un solpor… *Oniria* é a súa segunda novela, logo de *Malín*.

Toxosoutos Rústica
13 × 20 cm 248 páxinas

ISBN: 978-84-127489-7-0

16,15 €




## Rubén Martínez Alonso

# Moscas

Do que tratan estes capítulos é da natureza humana, tan contraditoria e incoherente, tan visceral e patética, como redentora e xenuína. E o autor lanza un consello: non hai que tomar por serio e inmutable aquilo que naceu para morrer, pois só na morte atopa sentido a efémera e fráxil vida dunha mosca.

Toxosoutos Rústica
13 × 20 cm 162 páxinas

ISBN: 978-84-128122-7-5

15 €




## Calros Solla

# Soidades do alfabeto

## Criptoetnografía

"Unha noite, a altas horas, espertei por causa dunha dor aguda no peito. Azorado, receando unha perturbación cardíaca, incorporeime e acendín a lámpada da mesiña. Fixando a vista na face enmedoñada que se reflectía no espello, gurrei por compasar a respiración, que se desmandara, mais foi en van. Invadiume entón o degoxo de botar man do lapis e o papel e trousar de vez o bolo que xa atinxira inminente a cavidade bucal. Botei fóra o petote e sentín alivio. E tras dun, veu outro". Texto do autor.

Morgante Rústica
14,8 × 21 cm 180 páxinas

ISBN: 978-84-19040-21-3

19 €

# Antón Dobao






## O tigre na boca do lagarto

Un conxunto de historias sobre os seres humanos e os seus xogos, paixóns, impulsos e traxedias, opresións e desexos irreprimibles de liberación. Sobre os seus fracasos, as súas derrotas e as vitorias da existencia. Unha parella que se perde no medio da fraga e se reencontra, un eterno retorno entre a paixón erótica e o abismo, a vida que constrúe o desexo ou o desexo que organiza a vida, o azar e a súa tráxica e caprichosa vontade, as lóxicas do dominio e o control, da rebelión e a sabotaxe, o desafío material da realidade e as opresións do traballo, as normas do éxito e do fracaso, a loucura irrefreable do poder coas súas dinámicas absurdas e inaccesibles, e a ousadía de concibir a posibilidade de desconectalo… Son contos narrados desde o interior da boca do lagarto, o mesmo lugar en que o tigre amosa os dentes afiados coma navallas, e observan a realidade dende diferentes perspectivas, dentro e fóra. Os personaxes son carne e alento e ao mesmo tempo impulsos electromagnéticos nun metaverso caprichoso e sen regras fixas.

Xerais Rústica
15,5 × 23 cm 184 páxinas
ISBN: 978-84-1110-560-6
18,52 €

# Eva Gutiérrez Alonso






## A discreta beleza dos tulipáns

"Non hai mal da alma que non poida curar a beleza dos tulipáns", dise na obra. Porén, esa beleza perfecta pode ocultar un interior inesperado. Así son os protagonistas destes relatos, como tulipáns que esconden con discreción as súas sombras dentro dunha vida aparentemente común. Eva Gutiérrez Alonso (Vigo, 1970) é Licenciada en Psicoloxía pola Universidade de Santiago, traballa nun colexio de Infantil e Primaria e leva participado en varios concursos de relatos e microrrelatos, onde obtivo algúns premios. Este é o seu primeiro libro publicado.

Galaxia Rústica
15 × 23 cm 126 páxinas
ISBN: 978-84-1176-217-5
15,20 €




### Emma Pedreira

## A boca da sombra

Alguén está a matar as prostitutas de Putown e o medo esténdese polas súas rúas porque na cidade son elas as que gobernan, as que tomaron conta do propio corpo para que non se lucre del máis ninguén.

Unha novela desacougante e moi orixinal que utiliza os mecanismos do terror, da poesía e o humor para compoñer o seu universo.

Aira Rústica
13 × 21 cm 104 páxinas
ISBN: 978-84-127695-3-1
15,20 €




### Ledicia Costas

## Pel de Cordeiro

Catarina pertence a unha estirpe de bruxas. Herda da súa avoa o oficio –críase nunha consulta demencial, onde acoden enfermos con todo tipo de doenzas–. Nos últimos anos da Inquisición elas son o máis semellante a un doutor, pero cunha diferenza: son necesarias pero tamén odiadas. Lola é unha muller do século XXI que entra en contacto cunhas forzas que non comprende. A ruptura coa súa parella e o desbloqueo de recordos provócanlle un colapso.

Xerais Rústica
15,5 × 23 cm 344 páxinas
ISBN: 978-84-1110-540-8
18,52 €




### Rexina Vega

## O teu perfil na miña sombra

A partir da marcha da filla, estas páxinas recollen o relato do tempo marcado pola síndrome do niño baleiro que dá pé a unha reflexión sobre o complexo mundo das relacións materno-filiais, sobre o herdo e o que é propio e exclusivo, sobre a vivencia do corpo, sobre as sombras e mais o gozo. De fondo, a consciencia da tremenda ambivalencia dunha aventura que se debate entre o un e o diverso.

Galaxia Rústica
15 × 23 cm 154 páxinas
ISBN: 978-84-1176-199-4
15,86 €




### Bieito Iglesias

## Unha gripe cabaluda

O inspector Benito Marañao volve ás rúas desertas do confinamento pola "gripe cabaluda" que se estendeu polo mundo no 2020. Desta volta o retranqueiro policía terá que investigar a misteriosa morte dunha moza de quince anos, nun caso que non é o que parece. Bieito Iglesias volve enfiar os vimbios da novela negra co relato humorístico nunha obra con sotaque ourensán.

Aira Rústica
12 × 18 cm 104 páxinas
ISBN: 978-84-127695-2-4
15,20 €




## Iria Collazo López

### Os mortos que amei

Celeste decidiu fuxir con 83 anos, un día de abril, o mes en que abren as rosas das cerdeiras. O can Elvis e o seu consogro, Antón, taxista xubilado ao que sempre acompaña o fantasma da Vita, a súa muller, serán as únicas compañías na súa longa odisea cara ao Sur. Unha *road trip* disparatada na que Iria Collazo se vale de estampas da vida e da morte dos seus avós, co humor e a tenrura como protagonistas, que contan con nostalxia unha historia de amor imposible, onde todo o que coincide coa realidade é inventado.

Galaxia Rústica 15 × 123 cm 172 páxinas

ISBN: 978-84-1176-223-6

16,72 €




## Xosé M. Pacho Blanco

### O que non ten prezo

Esta historia pescuda na esencia do ser humano, dende Galicia ata a India, transitando por todos os lugares imaxinables, empapándose de todas as vidas para entender o que realmente une ás persoas. "Porque un billete de cor púrpura pode cambiar o mundo, ou polo menos tentalo. Un mundo onde se agochan personaxes que gozan da felicidade, que cobizan o amor, o sexo e a beleza. Porque iso é a vida, o que somos e o que queremos ser. O prezo dos nosos soños", di a editora.

Galaxia Rústica 15 × 23 cm 150 páxinas

ISBN: 978-84-1176-222-9

15,67 €




## Xosé Fariña Jamardo

### Golfaróns de sangue

Edición e presentación de Xesús González Gómez e limiar de Benito Varela Jácome, que fala dunha "novela alumeante", chea de tensións lindeiras, dun tempo de vingas sanguentas e crimes arrepiantes. Di que Fariña Jamardo adopta nesta novela unha estratexia complexa, anovadora.

Laiovento Rústica 14 × 21 cm 246 páxinas

ISBN: 978-84-8487-663-2

23,70 €




## Afonso Eiré

### O militante

Dez anos despois de deixar a política activa por desavinzas, Martiño Domínguez, destacado militante nacionalista e líder sindical, volve ter un cargo importante: presidente da Comunidade de Propietarios da rúa do Con nº 68 da cidade de A Oliva. Dende o seu novo posto describe os problemas sociais da veciñanza e lembra os principais episodios económico-políticos nos que participou como dirixente nacionalista e como presidente do Comité de Empresa de Caixasur. Para Martiño, a súa vida e a de milleiros de cidadáns de A Oliva sería totalmente distinta se non saldasen Caixasur, pois foi aí onde comezaron a maioría dos problemas.

Hércules Rústica
16,5 × 24 cm 272 páxinas

ISBN: 978-84-19754-47-9

22,80 €




## Llerena Perozo Porteiro

### Os anos tranquilos

Cando María García nace, a comezos do século XX nunha aldea asturiana, as súas cartas semellan estar botadas. Todo parece indicar que o destino dela será medrar, vivir e morrer onde naceu. Mais aquela rapaza descubrirá axiña que ademais de coas mans conta cun comodín extraordinario que lle vai permitir percorrer medio mundo: a súa mente prodixiosa.

Xerais Rústica
15,50 × 23 cm 400 páxinas

ISBN: 978-84-1110-558-3

18,52 €




## Blanca Riestra

### Tritón

B., unha limpadora que vive ao carón do mar da Coruña, empeza a recibir visitas dunha criatura do mar, silenciosa e sedutora, coa que deixa que se manifesten os seus máis escuros instintos. Nemo, ou Tritón, tamén coñecerá a Domingos, un veterano pescador que garda na memoria todas as historias do océano. Novela poética e moi persoal dunha das grandes escritoras do noso tempo.

Aira Rústica
13 × 21 cm 104 páxinas

ISBN: 978-84-128581-0-5

15,20 €

PREMIO CIDADE DE RIBEIRA DE NOVELA CURTA 2023




## Manuel Esteban

### O xogo de Escher

Conectados ao gran computador central da compañía Escher, milleiros de seres humanos experimentan múltiples vidas, indistinguibles da vida real. Pero algúns xogadores conseguen chegar máis alá das aparencias. "O xogo de Escher é unha distopía de ciencia ficción. Ou, talvez, unha novela histórica. Ou unha reflexión sobre o problema de demarcación de límites na ciencia. Ou un ensaio filosófico sobre o sentido da vida. Ou un revirado exercicio de metaliteratura que pretende romper a cuarta parede e interpelar o lector", di a editora.

Xerais Rústica
15,5 × 23 cm 104 páxinas

ISBN: 978-84-1110-539-2

16,62 €




## María D. López-Menéndez

# Ardentía 1854

A Coruña, 1992. Dolores Seoane é unha moza de 17 anos cun prometedor futuro por diante. Unha visita improvisada á igrexa de San Nicolás na noite de San Xoán conduce á moza ao achado duns libros moi antigos. A curiosidade de Dolores levaraa a emprender unha insólita viaxe no tempo, que a traslada ata o ano 1854. Un misterio entre dúas épocas, dúas historias de amor e a crónica dunha epidemia mortal: o cólera, que en 1854 chega á cidade para converterse nun dos maiores dramas da súa historia.

Hércules Rústica 16,5 × 24 cm 192 páxinas

ISBN: 978-84-19754-49-3

19,95 €




## Óscar M. Guzmán

# Pero... como morren as pegas?

Adoito a morte se presenta como unha novidade abraiante cando toca de preto. Así lle acontece a Saladino Mariño, inspector xefe da Policía Nacional, cada vez que se chanta diante dun cadáver nunha das súas investigacións criminais. Desta volta, acompañado polo seu segundo, o inefable subinspector Leopoldo Xelmírez, e o resto do seu equipo, intentarán resolver o asesinato dun magnate ourensán do transporte. Un crime onde se mesturan o roubo de xoias, o amor e a morte. Unha intriga que leva a percorrer boa parte da provincia ourensá, e parte de Portugal, na procura dun pasado ocultado baixo o constante grallar dunha bandada de pegas no ar.

Galaxia Rústica 15 × 23 cm 256 páxinas

ISBN: 978-84-1176-248-9

18,52 €




## Xosé Neira Vilas

# O home de pau

En 1988, Xosé Neira Vilas, daquela xefe de redacción de *Zunzún*, a revista infantil publicada en Cuba, deu cabo aos quince contos de *O home de pau*, escritos ao longo de 1988, e anos máis tarde reescritos en Galicia. Conforman un conxunto de "historias urbanas –un algo experimentais–, coas que tento achegarme mediante alegorías a algunhas das eivas crónicas que padecen as cidades deste noso tempo", en palabras do autor.

Galaxia Rústica 13,5 × 21 cm 112 páxinas

ISBN: 978-84-1176-213-7

12,80 €




## Xosé Ricardo Losada Vicente

# Un inferno frío

Don Faustino, un crego alternativo e humanista, morre en estrañas circunstancias na parroquia conservadora da Balvanera nun contexto de forte represión política nunha ditadura militar. A comunidade galega en Bos Aires, tanto a emigrante como a exiliada, queda conmocionada. Sobre todo cando comeza a impoñerse a evidencia de que foi asasinado polas súas ideas políticas. Castelao e Virxinia deciden investigar pola súa conta, con valentía, xóganse a súa expulsión do país.

Toxosoutos Rústica
13 × 20 cm 126 páxinas

ISBN: 978-84-128122-9-9

14 €




## Carlos Moreno Lugrís

# El cuarto vértice

As vidas de dúas vibrantes e intensas mulleres crúzanse. Son Maruja Mallo e Marina Méndez. Unha é unha anciá inválida atada a unha cama tras unha vida de intensa liberdade; a outra, unha moza cunha existencia crúa e cruel. O autor, avalado polos seus coñecementos de arte e nun enxeñoso exercicio de imaxinación, busca situar a Maruja Mallo no lugar que sempre debeu ocupar na historia e reivindícala como o cuarto vértice do xenial polígono que formou xunto a Lorca, Buñuel e Dalí. En castelán.

Hércules Rústica 16,5 × 24 cm
272 páxinas

ISBN: 978-84-19754-48-6

20,90 €




## Xulio Teixeira Rodríguez

# As vidas do río

Unha cidade con vida. Un río de morte que a rompe. O cadáver dunha muller. A partir de aí a escuridade e o fanatismo anuncian días de horror. Polo medio, intriga, tensión policial e humor. Un reloxo en marcha, a ignorancia do que acontece e as pantasmas do pasado. Nas misteriosas e revoltas augas da cidade de Pontevedra, o comisario Serafín Freixeiro deberá resolver unha serie de crimes onde os intereses políticos, económicos e relixiosos chocan cunha realidade sorprendente de Semana Santa. Novela de suspense coa forza de atracción dunha cidade viva e máxica, onde uns acontecementos tráxicos tecen un relato no que as pezas encaixan con precisión.

Galaxia Rústica
15 × 23 cm 270 páxinas

ISBN: 978-84-1176-192-5

19,47 €




## José Estévez López

# Minia, amor doe

"Por fin cortei as cadeas, por fin escapei do xugo dun matrimonio que acababa coa miña saúde física e mental. De verdade, facédeme caso, nunca é tarde para tomar unha decisión deste tipo e facer as reparacións e reformas necesarias. O peor dos malos tratos é normalizalos, convertelos en habitables, ver esa relación tóxica como unha relación natural, coa que hai que lidar a diario e punto. O feito de non se recoñecer coma unha vítima". Texto da editora.

Toxosoutos Rústica
13 × 20 cm 250 páxinas

ISBN: 978-84-128497-4-5

17,10 €




## Kurt Vonnegut
# Matadoiro cinco
### A cruzada dos nenos

Ficción histórica, autobiografía, ciencia ficción e sátira mestúranse neste relato das experiencias de Billy Pilgrim durante a Segunda Guerra Mundial, concretamente na destrución de Dresden. Matadoiro cinco é unha delirante novela antibélica con viaxes no tempo e no espazo, que se converteu nun dos maiores clásicos da literatura estadounidense. Traducido por Estela Villar Nogueira.

Rinoceronte  Rústica  13,5 × 21,5 cm  206 páxinas

ISBN: 978-84-19795-19-9

19,95 €




## Gaetano Carlo Chelli
# A herdanza Ferramonti

Esta novela publicouse por vez primeira en 1883 na revista Cronaca Bizantina. O autor participa da estética do verismo, ao se inspirar na realidade para retratar os esforzos de pequenos empresarios e burócratas por se enriquecer e lograr o ascenso social e a respectabilidade. A historia percorre as vidas dos Ferramonti e as artimañas dos membros máis novos para conseguir a herdanza do patriarca. Ambientada nas rúas do centro histórico de Roma, pinta un mundo no que se impoñen a falta de escrúpulos, a especulación bolsista, a hipocrisía e todo tipo de intrigas. Porén, a auténtica protagonista é Irene, nora do ancián Ferramonti: intelixente, autónoma, sedutora e experta nos negocios, logra impoñer o seu parecer nunha contorna masculina, foxe da maternidade e da culpa, e móstrase capaz de agardar o tempo que faga falla para levar a cabo a súa vinganza. Traducida do italiano por Isabel Soto.

Hugin e Munin  Rústica  13,5 × 20 cm  254 páxinas

ISBN: 978-84-128075-3-0

16,15 €




## Brigitte Schwaiger
# Como chega o sal ao mar

A primeira e máis coñecida novela de Brigitte Schwaiger, publicouse orixinalmente en 1977 e converteuse decontado nun incontestable éxito editorial. A obra conta en primeira persoa a historia dunha muller nova, sen nome, a quen a monotonía da existencia cotiá a canda o seu controlador marido fai caer na desesperanza. Malia os seus intentos iniciais de se adaptar ás convencións sociais, deseguida repara no asoballamento e a violencia aos que se ve sometida e trata de remedialos dende a transgresión. A reinvención que a protagonista acomete irá acompañada de interesantes análises de situacións concretas do pasado, onde non sempre nin ela nin os seus seres queridos saen ben parados. Traducido do alemán por Rosa Marta Gómez Pato.

Hugin e Munin  Rústica  13,5 × 20 cm  126 páxinas

ISBN: 978-84-128075-4-7

15 €




## Eider Rodríguez
# Material de construción

Unha novela arredor da figura do proxenitor. Sobre a relación entre unha filla escritora e o seu pai alcólico. Sen edulcorantes nin grandilocuencia. Literatura que manca e fascina. Unha obra sobre o amor e a memoria onde o misterio queda pechado dentro dos muros da casa. Eider Rodríguez edifica a súa historia familiar cun estilo actual e preciso; constrúe un relato universal cos materiais que tiña máis á man. Traducida por María Ramos Salgado.

Aira  Rústica
13 × 21 cm  200 páxinas

ISBN: 978-84-128581-7-4

18,05 €




## Alfred de Musset
# Margot

A señora Doradour é unha anciá da alta burguesía que sente o peso da soidade logo de se ver traizoada por unha doncela fiucega. Cando máis enferma se atopa, recibe unha nota da súa afillada e acorda que a acollerá en París como dama de compañía. Margot, de tan só quince anos, axiña se acostuma á nova vida de luxo. Coa chegada do único fillo da súa ama, a inocente rapariga coñece o amor e as ilusións, malia que a fantasía non tarda en romper por mor das diferenzas sociais e o desprezo do mozo. En tradución do francés de Xavier Senín.

Hugin e Munin  Rústica
13,5 × 20 cm  76 páxinas

ISBN: 978-84-128075-1-6

13,50 €




## Jane Austen
# Lady Susan

Tras o pasamento de Frederic Vernon, Lady Susan, a súa viúva, unha muller distinguida e fermosa mais tamén egoísta e intrigante, comeza a artimañar á busca dun novo marido, quer para ela, quer para a súa filla de dezaseis anos, Frederica. Jane Austen subverte nesta enxeñosa e retranqueira obra de xuventude os códigos da novela romántica, cunha protagonista manipuladora e capaz de subxugar a quen se lle poña por diante para acadar un status vantaxoso. En tradución do inglés de Alejandro Tobar.

Hugin e Munin  Rústica
13,5 × 20 cm  152 páxinas

ISBN: 978-84-128075-2-3

15 €




## Eva Baltasar
# Mamut

Unha muller que busca o seu sitio nun mundo no que lle custa atopar acomodo. Unha masía a piques da ruína que se converte no seu refuxio. Unha novela que converte o aparentemente trivial en alta literatura grazas ao poder da linguaxe. Pecha a triloxía "Tres corpos salvaxes", coa que Eva Baltasar se converteu nunha das voces máis orixinais e poéticas da literatura contemporánea. A tradución é de Isaac Xubín.

Aira  Rústica
13 × 21 cm  88 páxinas

ISBN: 978-84-128581-6-7

15,20 €




## Pedro Lenz
### De porteiro xoguei eu

Nos anos oitenta do século XX, nunha vila típica de Suíza, un xonqui a quen todo o mundo coñece como Porteiro acaba de cumprir unha condena e quere reconstruír a súa vida. Mentres intenta coñecer as circunstancias exactas en que tivo lugar o seu ingreso na cadea, descobre, desconcertado, que nada é o que parecía ser. Publicouse en 2010. Escrita no alemán bernés falado na Alta Argovia, é unha historia sobre a memoria, o amor e a traizón que tivo unha enorme resonancia e xa se considera a obra en dialecto máis coñecida de todos os tempos. Tradución, posfacio e notas de Laureano Araújo Cardalda.

Laiovento Rústica 14 × 21 cm 158 páxinas

ISBN: 978-84-8487-683-0

16,10 €




## Roparz Hemon
### A serea

Brest, preto da igrexa de Santa María do Carmelo, un vello oficial da Mariña garda entre as súas reliquias a imaxe chea de coiteladas dunha serea tallada en madeira. Ante a intriga dun convidado seu, empréstalle un caderno no que se narra a historia da misteriosa figura: o particular caderno de bitácora do médico de a bordo do Axenor. A tradución é de Servando Lois Silva.

Rinoceronte Rústica 13,5 × 21,5 cm 138 páxinas

ISBN: 978-84-19795-17-5

16,15 €




## Ocean Vuong
### Somos un pestanexo radiante na Terra

Un fillo escríbelle unha longa carta á súa nai, que non sabe ler. A carta é en realidade un exame de conciencia, un repaso aos elementos clave que foron conformando a súa identidade como fillo dunha familia de vietnamitas que fuxiu do seu país rumbo aos Estados Unidos e como mozo que descobre e asume a súa homosexualidade. Esta novela debut é asemade un testemuño do amor tenso pero innegable entre unha nai solteira e o seu fillo, e unha exploración brutalmente honesta da raza, a clase, a sexualidade e a masculinidade. Trata tanto do poder de contar a propia historia como do silencio devastador de non ser escoitado. En tradución de Antía Veres Xesto.

Hércules Rústica 14 × 21 cm 240 páxinas

ISBN: 978-84-19754-38-7

18,05 €




## Sonsoles Ónega
### As fillas da criada

Febreiro do ano 1900. No pazo do Espírito Santo, en Punta do Bico, á beira do Atlántico e á vista das illas Cíes, nacen ao mesmo tempo dúas nenas: Catalina e Clara, fillas de dona Inés, a señora, e de Renata, a criada, respectivamente. Os pecados dos pais marcarán as súas vidas, testemuñas do convulso século. Unha saga familiar sobre a rebeldía das mulleres contra o seu destino que tamén é un fresco sobre a Galicia que mirou para o mar na busca de sustento e progreso.

Aira Rústica
16 × 22 cm 424 páxinas

ISBN: 978-84-128581-3-6

21,75 €




## José Ovejero
### Tres contos para nenas malas

Este libro recolle tres contos que lle dan a volta por completo ao sentido da tradición. As nenas protagonistas demostran grande enxeño e valentía para esquivar os problemas que lles pon diante a vida. O texto de José Ovejero e as ilustracións de Miguel Robledo conducen a un universo cheo de humor e crítica social arredor de temas como o patriarcado, a monarquía ou o capitalismo. Traducido por Mariña González.

Aira Cartonado
17 × 24 cm 72 páxinas

ISBN: 978-84-127695-6-2

18,95 €




## Kate Chopin
### O espertar

Edna Pontellier vive un matrimonio cómodo, mais anódino, en Nova Orleáns, no século XIX. Aínda que se leva ben co marido, a presenza dun atractivo amigo da familia e a calor do verán á beira do golfo de México van transformar o seu xeito de ver a vida.O título refírese a ese momento no que unha muller entende que é o importante da vida, aquilo que a eleva sobre os demais, e decide experimentalo aínda que iso poña en risco todo o que lle parecera permanente. Escrita no 1899 chega ao galego en tradución é de Iria Taibo.

Aira Rústica
13 × 21 cm 216 páxinas

ISBN: 978-84-127368-0-9

17,10 €




## Clarice Lispector
### Felicidade clandestina

Felicidade clandestina contén unha serie de relatos escritos en diferentes épocas da vida da autora e recollidos por primeira vez en 1971. Tras o banal e cotián aparecen revelacións inesperadas arredor das grandes cuestións existenciais, como a amizade, o amor ou o pensamento. Mediante a técnica do fluxo de conciencia, a autora consegue dotar de gran profundidade de psicolóxica personaxes de todas as idades. A tradución do portugués é de Moisés Barcia.

Rinoceronte Rústica
13,5 × 21,5 cm 166 páxinas

ISBN: 978-84-19795-32-8

17,10 €




## Vernon Lee
# Unha voz malévola

Volume que recolle sete dos máis importantes relatos de Vernon Lee. Sete historias onde o sobrenatural, o macabro, o misterioso e o abraiante ambientan unha literatura de non esquecer. A autora é gran coñecedora do pasado e o seu legado (os acontecementos históricos, a arte) e usa a erudición para tecer atmosferas e personaxes decadentes, míticos, arrepiantes. En tradución de Gabriel Álvarez Martínez.

Aira Rústica
13 × 21 cm 224 páxinas

ISBN: 978-84-128581-8-1

18,05 €




## Alessandro Baricco
# Homero, Ilíada

A Ilíada, un dos piares da literatura universal, recolle os derradeiros acontecementos da guerra de Troia. Nesta versión, o escritor italiano Alessandro Baricco reelabora o texto para facelo máis áxil e próximo ao público de hoxe, que poderá acceder nunha clave actual aos dilemas sobre os que escribiu Homero hai case tres mil anos e que seguen vixentes: o amor e o odio, a vinganza e o perdón e a relación entre o humano e o divino, entre outros. En tradución de Moisés Barcia.

Sushi Rústica
14 × 21 cm 178 páxinas

ISBN: 978-84-16884-86-5

15,20 €




## Aristófanes
# Lisístrata

Na Antiga Grecia, atenienses e espartanos levan anos enfrontados nunha cruenta guerra que non parece ter fin. Fartas de tanta violencia, inxustiza e soidade, as mulleres, lideradas pola afouta Lisístrata, deciden tomar as rendas da situación e inician unha folga sexual para conseguir a paz. Esta atrevida e irreverente comedia de Aristófanes que convida a facer o humor e non a guerra leva máis de dous mil anos facendo rir o público. En tradución do grego clásico, con introdución e notas, de Iria Pedreira Sanjurjo.

Sushi Rústica
14 × 21 cm 108 páxinas

ISBN: 978-84-16884-87-2

14 €




## John Updike
# Corre, Coello

Harry Angstrom, coñecido como "Coello", parece insatisfeito coa súa vida familiar e co seu traballo de vendedor de peladores de verduras. Un día abandona a súa muller embarazada e o seu fillo de dous anos para iniciar unha fuxida sen rumbo. Atopa o seu antigo adestrador de baloncesto e coñece unha muller, con quen inicia unha relación. Namentres, o sacerdote da congregación á que pertence a súa familia política fará todo o posible por reconciliar o matrimonio. Tradución do inglés de Moisés Barcia.

Rinoceronte Rústica
13,5 × 21,5 cm 336 páxinas

ISBN: 978-84-19795-20-5

20,90 €




## Francisco Narla
# Onde ouvean os montes

Esta é a historia dun amor e dunha vinganza. Sobre o poder e o imposible. Unha historia sobre a fin da República de Roma dende un orixinal punto de vista. Francisco Narla amosa a súa capacidade narrativa nunha novela de aventuras onde a pulsión da natureza se enfronta á ruindade humana.

Aira Rústica
16 × 22 cm 192 páxinas

ISBN: 978-84-127695-8-6

18,95 €




## Marta Orriols
# A posibilidade de chamarlle casa

Unha veterana correspondente de televisión no Líbano decide volver á casa, en Catalunya, logo dunha crise persoal. No ámbito familiar espérana unha nai distante, unha irmá perfeccionista e un pai que empeza a sufrir os danos da demencia. A nostalxia por dous amores que a rodean tampouco axudarán a empezar de cero. Marta Orriols bota unha ollada ao mundo actual precisa e cálida. En tradución de Isaac Xubín.

Aira Rústica
13 × 21 cm 272 páxinas

ISBN: 978-84-127695-9-3

18,95 €




## Selma Lagerlöf
# O emperador de Portugalia

O vello Jan nunca pensou en ter unha filla e a noticia incomodouno. Mais a primeira vez que colle no colo a meniña vaille cambiar a vida. Tan pobre como é, o amor da súa filla parécelle un tesouro. Cando ela teña que marchar para gañar diñeiro co que evitar o desafiuzamento dos pais, Jan creará unha fantasía para fuxir da dura realidade da separación e dos rumores na aldea. Unha obra mestra da literatura universal con fasquía de conto, onde a fantasía e a poesía arrequecen un relato realista sobre as desigualdades sociais e a fortaleza do espírito humano para soportar as feridas da vida. En tradución de David D. Álvarez Martínez.

Aira Rústica
13 × 21 cm 280 páxinas

ISBN: 978-84-127368-1-6

18,95 €




## Marta Estévez
# O segredo das irmás Asorey

A proclamación da II República, o 14 de abril do 1931, coincide coa morte do prestixioso doutor Asorey en Santiago de Compostela e co asasinato da lavandeira que se ocupaba de facer a bogada na casa del. A incerteza do tempo histórico e o medo das súas catro fillas, que vivían con el, vainas obrigar a tomar unha decisión que condicionará as súas vidas para sempre. Unha novela de personaxes, que recrea un mundo a piques de mudar é o trasfondo elixido por Marta Estévez para o seu debut literario no que logra demostrar que ten man para crear situacións de intriga e atopar nos detalles o fío que une o evidente co máis profundo do ser humano.

Aira Rústica
16 × 22 cm 372 páxinas

ISBN: 978-84-127695-5-5

20,80 €




## Miquel Martín i Serra
# O atallo

O narrador e protagonista desta novela conta o seu paso da infancia á adolescencia con tal naturalidade. É fillo dos criados dos donos dun chalé no Empordà (Catalunya) e para ir á escola en bicicleta usa un atallo á beira dun estanque de parrulos e un carballo vello e grande. Mais todo está a piques de mudar, non só a súa voz e o seu corpo, tamén a paisaxe na que se criou, transformada pola especulación inmobiliaria. O atallo conseguiu un grande éxito de crítica e público e varios recoñecementos como o Premio María Àngels Anglada e o Premio Setè Cel. Foi finalista do Premio Òmnium á mellor novela do ano 2020. Traducido por Isaac Xubín.

Aira Rústica
13 × 21 cm 136 páxinas

ISBN: 978-84-127695-7-9

17,10 €

# Pinto & Chinto




## O fabricante de sombreiros

O señor Martus sempre dicía que lle gustaría ter duascentas cabezas para lucir douscentos sombreiros ao mesmo tempo. Fabricou moitos, ao cal máis estrafalario. Os seus sombreiros eran para quitar o sombreiro. Tan extraordinarios que ata as cabezas de allo os levaban.

Baía Cartonado
15 × 23 cm 56 páxinas

ISBN: 978-84-9995-449-3

16,15 €

# Gianni Rodari




## Un e sete

Un relato necesario e esperanzador sobre a infancia, a tolerancia e a diversidade como antídotos contra a violencia e a guerra. As ilustracións son de Beatrice Alemagna. En tradución de Carlos Acevedo Díaz.

Kalandraka Cartonado
20 × 30 cm 32 páxinas

ISBN: 978-84-1343-299-1

16,15 €













### Frédéric Stehr

## A hora da sesta

É a hora da sesta na escola infantil e Leo parece non ter sono. Para entreterse, decide facer unha cabana e espertar o seu amigo Oli para amosarlla. Pouco a pouco, os demais compañeiros irán sumándose para construír unha na que caiban todos. Un novo título de Frédéric Stehr na colección Acartonados. Traducido por Xosé Ballesteros.

Kalandraka Cartonado 20 × 20 cm 24 páxinas

Con esquinas redondeadas

ISBN: 978-84-1343-269-4

11 €

Á venda só en pedido conxunto por importe superior a 12 €

### Eric Carle

## Un grilo moi silencioso

Por moito que refregaba as súas ás, o pequeno grilo non era quen de cantar e ninguén podía escoitar o seu son. Ata que, unha noite, atopou unha grila. Un libro acartonado ideal para coñecer os insectos, cun son sorpresa final. A tradución é de Iago Nicolás.

Kalandraka Cartonado 17,8 × 12,8 cm 26 páxinas

ISBN: 978-84-1343-271-7

14 €

### María Girón

## Cinco ratiños

Un álbum actual co sabor dos contos tradicionais. É hora de merendar e cinco ratiños saen xuntos á busca de algo que levar á boca. Un a un van quedando polo camiño, só Félix continúa ata que, de súpeto, todo comeza a dar voltas. As ilustracións cálidas e cheas de detalles amosan dende os segredos da tobeira dos ratos aos diferentes lugares da casa polos que pasan os seus protagonistas, lugares repletos de obxectos da vida cotiá que os nenos e nenas recoñecerán. Traducido por Xosé Ballesteros.

Kalandraka Cartonado 22 × 22 cm 36 páxinas

ISBN: 978-84-1343-293-9

14 €

4↑




## Paula Merlán
# Uxía e o mar

Uxía tiña un soño grande, moi grande. Xigante! Quería ver o mar. Este conto de Paula Merlán ilustrado por Terteres é unha emocionante viaxe ata o mar. Unha valiosa aprendizaxe para a vida.

Xerais Cartonado
19,50 × 26,60 cm 40 páxinas
ISBN: 978-84-1110-552-1
15,50 €

6↑




## Ramón Trigo
# Labirinto
### Diario de viaxe dun artista monocromo

Unha viaxe simbólica ao corazón de África para descubrir as súas paisaxes, cores, sabores e segredos. Ramón Trigo relata en *Labirinto* a historia dun pintor que, canso de empregar unicamente o negro e o gris nas súas obras, emprende unha viaxe cara a un territorio descoñecido. Disposto a descifrar todos os seus segredos, descubrirá alí un mundo repleto de novos aromas, texturas e tonalidades. Pero terá que agardar ao seu regreso para darse conta tamén de que algo no seu interior cambiou. Este álbum, inspirado nunha experiencia persoal do artista no continente africano, destaca polo emprego de imaxes impactantes, expresivas e cunha forte compoñente simbólica.

Kalandraka Cartonado
24 × 24 cm 40 páxinas
ISBN: 978-841343-318-9
15,20 €

7↑




## José Antonio Abad Varela
# Os planetas

Un meniño que dorme profundamente e que nos seus soños percorre o sistema solar. Ao ritmo da música de Holst, visitará cada un dos planetas para descubrir as súas características e mais as dos deuses que lles deron nome nunha viaxe a medio camiño entre a realidade e a fantasía. Con ilustracións de Antonio Seijas. Inclúe códigos QR para acceder á música.

Hércules Cartonado
30 × 22 cm 32 páxinas
ISBN: 978-84-19754-42-4
17,10 €

En castelán
**Los planetas**
ISBN: 978-84-19754-41-7

7↑




## Miguel Alonso Diz
# Axencia Galega de Asuntos Máxicos

A vida pode cambiar nun só día. Iso é o que lle pasou a Gabriel e iso é o que lle pode pasar a quen se atreva a camiñar polas páxinas deste libro. Só hai que entrar no Andel Secreto e acompañar a Gabriel e á súa veciña Lucía a coñecer un mundo habitado por personaxes da mitoloxía galega que está máis preto do que se pode imaxinar. As ilustracións son de Víctor Rivas.

Xerais Rústica
13,50 × 19 cm 112 páxinas
ISBN: 978-84-1110-549-1
12,95 €

8↑




## Paco Nogueiras
# Son animal

O bruar da vaca, o miañar do gato, o ladrar do can, o cacarexar da galiña, o zunir do mosquito. Ecos do mundo animal que inspiran os doce temas deste traballo que percorre diferentes estilos musicais: dende un aire portugués aos ritmos do leste de Europa, dende unha balada acústica a un animado rock and roll, dende unha fanfarra circense até unha melodía de influencias andinas. As coloridas ilustracións de Marc Taeger permiten imaxinar esa granxa divertida e as páxinas finais do libro achegarán a lectores e lectoras adiviñas, refráns e ditos da nosa tradición oral que falan dos protagonistas deste *Son Animal*.

Kalandraka Cartonado
16 × 16 cm 48 páxinas
ISBN: 978-84-1343-205-2
19 €

8↑




VI PREMIO DE LITERATURA INFANTIL CARLOS MOSTEIRO

## Concha Blanco
# Tita

A tita vive con Noa e a súa familia. Axuda na casa e apréndelle á nena cousas moi valiosas para a vida. Mais un día, o cuarto da tita aparece baleiro. Onde marchou? Por que ninguén lle conta nada a Noa? Unha das obras máis famosas de Concha Blanco nunha nova edición ilustrada por Miguel Robledo.

Aira Rústica
13 × 21 cm 72 páxinas
ISBN: 978-84-128837-0-1
13 €

8↑




## José Luis Baños de Cos
# Fóra de xogo

En Kabul, unha nena de dez anos garda un segredo: xoga ao fútbol ás agachadas nun recanto do patio, despois de remataren as clases. Comparte a súa paixón con outra nena que lle ensinará as regras do xogo. Pero ambas deberán ter conta de que non as descubran as aguias e os señores corvos, porque no seu país practicar un deporte é poñerse en perigo.

Galaxia Rústica
13 × 20 cm 128 páxinas
ISBN: 978-84-1176-210-6
13,50 €




## José Jorge Letria e André Letria
# Animais fantásticos

Un percorrido pola mitoloxía e as crenzas populares en compañía dalgúns dos personaxes máis coñecidos. Dende o Centauro ao Lobishome, do Unicornio á Esfinxe. Hai animais verdadeiros, reais, e outros fantásticos, marabillosos, nados da imaxinación, que pasaron a ocupar un espazo no imaxinario poético das civilizacións, nas mitoloxías e que sentaron as bases da literatura fantástica. José Jorge Letria e André Letria, pai e fillo, presentan unha selección de 19 destes animais máxicos. Unha viaxe a través da memoria e da imaxinación creadora dos pobos. Traducido por Xosé Ballesteros.

Kalandraka Cartonado
24 × 24 cm 48 páxinas
ISBN: 978-84-1343-321-9
15,20 €




## Sabela Fernández Trelles

### A miña avoa, a miña heroína

Laura sempre foi unha nena alegre e valente, pero ultimamente séntese triste sen motivo e comeza a dubidar de todo, ata dela mesma. Menos mal que conta coa complicidade da avoa Carmela, con quen vai realizar unha viaxe ao pasado para entender por que se sente así e decatarse de que pertence a unha saga de mulleres loitadoras.

Xerais Rústica
13,50 × 19 cm 96 páxinas

ISBN: 978-84-1110-550-7

12,95 €




## Conchi Regueiro

### Meigallo_98H

Cambiar ao instituto Vicencio non tiña por que ser tan malo como semellaba ao principio, se alí ían estar tamén esas novas amizades do campamento de verán. O que Constanza non sabía e que naquelas vacacións invocárase a esa presenza arrepiante que puxo en perigo a todo o mundo. Ten que facer algo, e só Amelia, esa misteriosa amiga da que nunca lle falou a ninguén, entende o risco. Novela xuvenil que combina as características da novela de misterio con elementos clásicos da narrativa de terror, do horror de corte lovecraftiano, e das presenzas inquietantes propias das películas de *slashers*. Nas súas páxinas tamén se mesturan recursos tan actuais como os creepypastas, nun diálogo entre as vellas e as novas formas de asustar. Con ilustracións de Diego Estebo.

Baía Rústica
13 × 19 cm 208 páxinas

ISBN: 978-84-9995-451-6

18,05 €




## Verónica Santalices

### O violino de Luísa

O silencio apoderouse da Coruña. O vento e os reloxos enmudeceron. O mar, calmo, semella de chumbo. Non se oen nin as cantigas das redeiras na praia, nin as coplas dos mariñeiros nas tabernas antes de regresar á casa. A Música e a Poesía desapareceron para asombro e tristura de toda a veciñanza. A nena Luísa Villalta e o seu inseparable compañeiro, Violino, inician unha emocionante aventura percorrendo ruelas e recunchos da cidade para resolver o misterio e devolver á cidade a súa alegría e bulicio.

Galaxia Rústica
13 × 20 cm 96 páxinas

ISBN: 978-84-1176-188-8

11,50 €

Á venda só en pedido conxunto por importe superior a 12 €




## Lois Alcayde Dans

### Vrao

Unha viaxe da man da infancia non revelada no camiño, nas festas, na crema de praia e nas brazadas na auga. Unha época para conservar nos episodios máis brillantes de nenas e nenos de todas as idades. Con ilustracións de Lucía Escrigas Rodríguez.

Galaxia Rústica
13 × 20 cm 60 páxinas

ISBN 978-84-1176-218-2

11 €

Á venda só en pedido conxunto por importe superior a 12 €




## Manuel Veiga Taboada

### Quero escribir literatura

Non é un libro de receitas nin un manual, comeza por advertir Manuel Veiga Taboada neste volume concibido para acompañar a quen desexe poñerse mans á obra e principiar a escribir textos literarios. "Escribir é unha das prácticas artísticas máis democráticas", comenta o autor antes de animar a "lanzarse á piscina" e trasladar as ideas a outro soporte.

Aira Rústica
17 × 24 cm 64 páxinas

ISBN: 978-84-128581-1-2

15,20 €




## Francisco Castro

### Luz, a historia non contada de Jesse Owens e Luz Long

Nas Olimpíadas de Berlín de 1936, un atleta negro asombrou o mundo. Jesse Owens gañou catro medallas e avergoñou o nazismo, que o consideraba inferior pola súa cor de pel, dando unha lección deportiva; pero nada do seu éxito sería posible sen un atleta alemán que xogou a vida por axudalo. Este libro conta a historia real de Luz Long, represaliado por Hitler por axudar a un competidor, negro. Unha historia de amizade, respecto e camaradería, nun tempo escuro de racismo, represión e violencia.

Galaxia Rústica
13 × 21 cm 116 páxinas

ISBN 978-84-1176-226-7

14,50 €




## Suso de Toro

### O segredo de Joseph Haydn

Episodio descoñecido da biografía de Joseph Haydn: un desvío da ruta que o levaba a Londres e que lle permitiu coñecer o reino galego. Haydn descobre a gastronomía, a lingua, a música que se tocaba naquel momento en Compostela, e tamén deixa a súa influencia nos músicos do momento. Un acontecemento que imprimiu unha pegada sentimental na memoria do gran compositor. Contén un CD cos cuartetos de Joseph Haydn e as Danzas de Reis de Gulans, en interpretación de Fisión Atlántica Ensamble, baixo a dirección de Luis Soto. Ilustrado por Xosé Cobas.

Xerais Rústica
14 × 21,5 cm 112 páxinas

ISBN: 978-84-1110-530-9

13,50 €




## Carlos Labraña

### Ícaras

Lía garda un segredo, a súa nai fíxolle unhas ás con plumas de cores, pero non lle ensinou a voar. Ana, unha estudante universitaria que traballa na hamburguesaría do barrio, nin sequera ten ás. Nun anoitecer, vanse cruzar os seus camiños e descubrirán que hai máis cousas que as achegan, que aquelas que as separan. Ilustrado por Mara Méndez García.

Galaxia Rústica
13 × 20 cm 106 páxinas

ISBN: 978-84-1176-195-6

11,50 €

Á venda só en pedido conxunto por importe superior a 12 €




## Luísa Villalta

# En concreto

Obra que veu a luz en 2004 en Espiral Maior logo do pasamento da autora que agora se recupera para esta edición con limiar de Estíbaliz Espinosa. "Que as súas palabras grávidas sigan curvando o espazotempo como ondas de hai millóns de anos. Non as leve o Vento, non. Non a sepultemos outra volta. Non. Como a silueta desta Cidade (A Coruña) vista dende o ceo, Luísa é unha ave que renace, unha fénix", di o limiar.

Galaxia Cartonado
17 × 24,5 cm 142 páxinas

ISBN: 978-84-1176-212-0

20,90 €




## Luísa Villalta e Maribel Longueira

# Papagaio

Nova edición dunha das obras máis comprometidas e feministas da autora. No ano 2001, o barrio coruñés do Papagaio, espazo tradicionalmente dedicado á prostitución, foi derrubado vítima da especulación inmobiliaria. A fotógrafa Maribel Longueira captou coa súa cámara o proceso de demolición. Convidada por Maribel, Luísa Villalta puxo voz a estas imaxes con 19 poemas. Neles móstrase reivindicativa, directa, rotunda e ao mesmo tempo solidaria ao proxectar unha ollada que deixa en evidencia a violencia patriarcal e o estigma sufrido polas mulleres que exercen a prostitución. A hipocrisía, o abuso, a deshumanización son outros temas presentes nesta obra escrita pouco antes do falecemento da autora que sae á luz nesta edición con prólogo de Eva Veiga e Francisco X. Fernández Naval coincidindo co aniversario do seu nacemento.

Kalandraka Rústica
22 × 22 cm 112 páxinas

ISBN: 978-84-1343-313-4

20,90 €




## Antón Reixa

# Enciclopedia perplexidade

## (escolma poética 1976-2023)

Obra para achegarse ao universo creativo dunha das figuras máis destacadas e polifacéticas da cultura galega contemporánea, nunha edición con prólogo de Xabier Cordal.

Kalandraka Rústica 15 × 23,5 cm
176 páxinas

ISBN: 978-84-19213-50-1

17,10 €




## Antonio Seijas

# Os oito mitos de Palermo

Que evocan o nome das cidades míticas? Como se filtran no subconsciente as experiencias vividas? Como gobernan a rutina de cada quen os soños que fascinan? Este libro de poemas combina potentes imaxes visuais e un vertixinoso ritmo.

Aira Rústica 13 × 21 cm
64 páxinas

ISBN: 978-84-128581-4-3

14 €




## Millán Picouto

# Sonetos de la luna llena / Sonetos Omega

*Sonetos de la luna llena* (1975-1991) e *Sonetos Omega* (2004-2018) en edición bilingüe español-galego. Publicados dentro da obra completa de Millán Picouto (*El/O Macrocosmos*, 2021) chegan agora nesta nova edición exenta. Poetizan a historia dun amor de xuventude e dun amor na madurez, respectivamente. As imaxes que ofrece o poeta están dentro do máis puro estilo clásico. Insólitas e sorprendentes. O "tempo", a cadencia e o ritmo dos sonetos son igualmente admirables.

Linteo Rústica
14 × 22m cm 286 páxinas

ISBN: 978-84-123801-8-7

25,55 €




## Ramona Giráldez Domínguez

# A cohesión da auga

"A cohesión refírese á atracción que teñen as moléculas por outras do seu mesmo tipo, e as moléculas de auga teñen forzas cohesivas fortes, grazas á súa habilidade para formar pontes de hidróxeno entre elas". Unha definición química que á autora lle semellou pura poesía e levouna a crear unha obra na que a auga é o fío condutor que establece pontes entre o pasado e o presente, entre as persoas e as lembranzas, nunha terra na que este líquido elemento é fundamental.

Toxosoutos Rústica
13 × 20 cm 140 páxinas

ISBN: 978-84-128497-6-9

13 €




## Daniel Chapela

# Biscoito de laranxa

Biscoito de laranxa pretende mergullar o lector no proceso de perda dun ser querido e nas tensións que se xeran dentro do núcleo familiar. Unha obra sobre a conexión coa terra, aferrando a memoria á carne para sentir as costuras das relacións e o seu abafo existencial. Chapela, cunha obra epitáfica, indaga no amor e nas mostras da ausencia, creando un canto cara ás mulleres que, amando, ensinaron a amar.

Galaxia Rústica
12 × 22 cm 78 páxinas

ISBN: 978-84-1176-220-5

12,65 €




## David Clark

# Cuán lonxe, cánto!'

## O legado poético de Sir John Moore

Edición bilingüe galego-inglés que presenta unha escolma de poemas escritos polo irlandés Charles Wolfe, unha selección de obras da época que fan referencia ao xeneral Sir John Moore e a Coruña e unha homenaxe a Rosalía de Castro. "Tres figuras cuxa converxencia no século XIX debía moito ao azar e á serendipia, mais que tamén podería ensinarnos moito sobre as tres nacións que representaban", di a editora.

Medulia Rústica
15 × 23 cm 310 páxinas

ISBN: 978-84-10324-12-1

18,90 €




Paco Rivas

### Terra e mar

Libro de poemas que combina a delicadeza da palabra de Paco Rivas coas ilustracións de M. Manxela, que complementan o sentido do poema. Un canto á paisaxe e de amor á terra, á natureza, moi na liña da tradición poética galega de autores como Noriega Varela ou Aquilino Iglesia Alvariño.

Medulia Rústica
14 × 21 cm 56 páxinas

ISBN: 978-84-10324-10-7

14,90 €




Ponç Pons

### Nura

"Nura" é o nome que lle puxeron os fenicios a Menorca e significa Terra de lume. É tamén "O intento de versear con palabras toda unha serie profunda de inquedanzas e preocupacións, lembranzas, desasosegos. *Nura* é un salmo, unha cantata, un oratorio, un réquiem", di Ponç Pons. En tradución de Manuel Outeiriño.

Laiovento Rústica
14 × 21 cm 78 páxinas

ISBN: 978-84-8487-665-6

12,95 €




Ángel Alonso Prieto

### Las horas cantadas

Antoloxía de instantes ou miradas que deron pé a versos que se amosan máis ou menos cronoloxicamente dende o amencer buscando un paralelismo entre o día e a vida. En castelán.

Medulia Rústica
14 × 21 cm 84 páxinas

ISBN: 978-84-10324-09-1

14,90 €

# No centenario do pasamento de Xoán Vicente Viqueira

Xoán Vicente Viqueira (Madrid, 1886 – Bergondo, 1924) foi un dos grandes humanistas galegos do pasado século. Filósofo e pedagogo, entrou en contacto en Madrid coa Institución Libre de Enseñanza, cidade onde se licenciou e doutorou en Filosofía. En 1911 estudou Psicoloxía en varias universidades alemás cunha bolsa para a Ampliación de Estudos que lle deu un amplo coñecemento das correntes filosóficas e pedagóxicas europeas. Foi catedrático de instituto en Santiago e logo na Coruña e formou parte da Irmandade da Fala desta cidade, da que chegou a ser presidente. Escribiu artigos en *A Nosa Terra* de carácter político, pedagóxico e lingüístico, onde postulaba un achegamento da lingua ao portugués e defendía a galeguización do ensino, a modernización dos estudos de bacharelato, o ensino da muller, a posta en marcha dunha completa e politécnica universidade en Galicia o activismo didáctico e unha psico-pedagoxía renovada para o desenvolvemento harmónico do alumnado. En 1974 dedicóuselle o Día das Letras Galegas






Johán Vicente Viqueira

### João Vicente Biqueira (1924-2024) Poemas e ensaios

Oferecemos neste 100 aniversário da morte de Johán Vicente Viqueira uma seleção dos seus textos editados e comentados pelo académico da Académia Galega da Língua Portuguesa António Gil Hernández (Valladolid, 1941). Uma coletânea que serve para entender o pensamento linguístico, educativo e filosófico dum dos primeiros defensores da convergência ortográfica galego-portuguesa.

Através Rústica
16 × 23 cm 216 páxinas

ISBN: 978-84-16545-92-6

15,20 €

## OUTROS TÍTULOS




Xohán Vicente Viqueira

### Ensaios sobre Galicia

Segundo avanza no limiar Narciso de Gabriel, a obra reúne textos escritos nos anos de docencia no instituto da Coruña, onde presenta as súas reflexións sobre Galicia como nación, cunha "alma" de seu, expresión que utiliza para facer referencia ao "espírito do pobo", resultado da encarnación dunha raza nunha terra, e que se concreta, en termos políticos, na meta de acadar un federalismo presidido polos ideais de liberdade, democracia e prosperidade. A lingua é para Viqueira a expresión da "personalidade galaica", que se debía de limpar de castelanismos e da súa progresiva deterioración.

Galaxia Rústica
13,5 × 21 cm 168 páxinas

ISBN: 978-84-9151-777-1

16,62 €




Xohán Vicente Viqueira

### Ensaios e poesías

A través destes textos, Viqueira fixo patentes as tres direccións nas que se orientaba a súa personalidade: unha especulativa, que o levaba á meditación filosófica; outra artística e creadora, que o levaba ao cultivo da poesía e da música; outra práctica, que o levaba á actuación galeguista, á docencia cultural,... Mais as tres direccións conducían a Viqueira ao mesmo punto central: ao desenvolvemento da personalidade espiritual de Galicia.

Galaxia Rústica
13 × 19,5 cm 300 páxinas

ISBN: 978-84-7154-222-9

7,70 €

Á venda só en pedido conxunto por importe superior a 12 €




Pepe Carreiro

Os Bolechas

### Xoán Vicente Viqueira

Aínda que naceu en Madrid, Xoán Vicente Viqueira pasou gran parte da súa vida en Galicia. Aquí foi profesor e traballou moito para que nenas e nenos tivesen os mesmos dereitos e falasen o galego. Pero tamén escribiu poesía de namorador, como a que se narra nesta historia e que aparece no seu libro *Ensaios e poesías*.

Bolanda Cartonado
16,6 × 16,6 cm 19 páxinas

ISBN: 978-84-17702-45-8

8 €

Á venda só en pedido conxunto por importe superior a 12 €

# Marcos Maceira e Elsa Quintas



## Liberdade para o galego

### Política, uso e disposición da lingua




Os autores pregúntanse se abonda coa propia vontade para facer uso da lingua do país ou se existen impedimentos materiais, situacións de coaccións ou condicionantes de calquera tipo que obstaculizan o seu libre desenvolvemento. De seguido tentan achegarse a estas cuestións en relación aos principais ámbitos da vida social, especialmente daqueles en que existen compromisos adquiridos polo Estado ou acordos alcanzados por todas as forzas políticas en Galicia. Advertimos, para comezar, que de xeito incompleto. "A liberdade para o uso do noso idioma está condicionada a se manter sempre baixo a subordinación e secundarización respecto do español", afirman.

Laiovento Rústica
14 × 21 cm 146 páxinas

ISBN: 978-84-8487-685-4

17,05 €

# Henrique Monteagudo



## Erudición e Ilustración. Estudos sobre Martín Sarmiento




Volume que recolle as contribucións dos especialistas que participaron no encontro científico organizado polo Consello da Cultura Galega arredor da Obra de 660 pliegos de Martín Sarmiento (1695-1772). Levaba por título Simposio Martín Sarmiento. De historia natural e de todo xénero de erudición. A ducia de traballos de distintas ramas do saber ofrecen unha serie de achegas sobre a figura e a produción de Sarmiento, un legado enciclopédico que é "un continente con amplas rexións aínda pendentes de exploración".

C. Cultura Galega Rústica
17 × 23 cm 374 páxinas

ISBN: 978-84-17802-64-6

19 €

Manuel Veiga

## A literatura galega contada aos escépticos




Algúns afeccionados á lectura nunca len libros en galego. E non só por falta da competencia lingüística suficiente. Moitos lectores e lectoras son escépticos, ademais, porque ven o producido en Galicia como unha sorte de material de segunda clase. Confían máis na calidade da nosa gastronomía que na das nosas letras. Hai outros motivos: a maior oferta en castelán ou a presenza en lugar subalterno dos libros na nosa lingua. Este libro fai unha interpretación persoal da literatura recente para concluír que "a pesar da magreza de público, a literatura galega está viva. Pero descubrir as súas claves e os seus eixes primordiais non sempre é fácil", di Manuel Veiga Taboada.

Galaxia Rústica
15 × 23 cm 112 páxinas

ISBN: 978-84-1176-200-7

14,80 €

Alexandre Peres Vigo

## Galaicofobia

Desde unha profunda vocación didáctica, este libro afonda no coñecemento dun fenómeno tan experimentado pola sociedade galega como poucas veces nomeado: o desprezo polo pobo galego. O autor deita a súa ollada nos numerosos testemuños literarios que ao longo da historia mostraron as súas filias e, sobre todo, as súas fobias contra Galicia, a súa lingua e a súa cultura. Nesta viaxe no tempo descóbrense unha serie de tópicos antigalegos, crueis e ridiculizadores, nacidos na Meseta castelá. "Esta é – en palabras da editora– unha obra clara e sintética que dá resposta á eterna pregunta que boa parte da sociedade galega leva facéndose moito tempo: por que nos tratan así?".




Galaxia Rústica
15 × 23 cm 190 páxinas

ISBN: 978-84-1176-138-3

21,80 €

Ramón Nicolás

## Antoloxía do Rexurdimento (1853-1916)

O Rexurdimento representa un período brillante e inaugural da literatura galega. Esta antoloxía sintetiza o espírito e as voces dese momento crucial. Logo dun breve estudo introdutorio e de notas biográficas actualizadas, ofrece unha selección de textos literarios poéticos, narrativos, teatrais ou ensaísticos de Xoán Manuel Pintos, Rosalía de Castro, Manuel Curros Enríquez, Eduardo Pondal, Antonio Fernández Morales, Marcial Valladares, Valentín Lamas Carvajal e Manuel Murguía, entre outros. Todos eles gozan, ademais, dunha proposta de carácter didáctico, baixo o título de "suxestións de lectura" á que se pode acceder a través dun código QR.




Xerais Rústica
14,5 × 21 cm 144 páxinas

ISBN: 978-84-1110-531-6

13,50 €




## Rosalía Fernández Rial

# Mover ficha

"Viste o disfrace de docente e sae brincar". A frase forma parte do reto que Rosalía Fernández Rial propón aos profesionais de aulas de Lingua e Literatura. "Se cres que cada xeración le menos cá anterior: move ficha! E que treman os andeis que están por construír!", di a autora.

Galaxia Rústica
17 × 24 cm 272 páxinas

ISBN: 978-84-1176-205-2

20,80 €




## Eva Moreda

# Pagáns e pragmáticos

### A vida no Reino Unido

Os British teñen as súas particularidades: corren a adorar o sol en canto sae a primeira raiola, coma se fose un atavismo de Stonehenge; tamén recean da filosofía, a beleza ou a diversidade lingüística por opoñerse á súa visión pragmática da vida. Tras dezaoito anos emigrada no Reino Unido, Eva Moreda explica a cosmovisión dos británicos.

Morgante Rústica
13,5 × 21,5 cm 88 páxinas

ISBN: 978-84-19040-34-3

15 €




## Ira Hybris

# A abolição do género para a sua expansão

Livro fundamental para a contestação a certos discursos reacionários em matéria de género, mas também para tecer uma alternativa política, como afirmam Daniela Ferrández e Xandre Garrido no seu prólogo. O livro apresenta primeiro uma genealogia transfeminista que tem as suas raízes no movimento abolicionista negro, reconhecendo assim que muitas das questões que se tratam agora nos debates teóricos já foram tratadas anteriormente, sabendo reconhecer quem precedeu os debates, mas sabendo reutilizar tais ferramentas. Assim o livro, a partir de um enquadramento marxista queer apela pela abolição do género para a sua expansão.

Através Rústica
13 × 19 cm 104 páxinas

ISBN: 978-84-16545-93-3

13 €




## Farruco Louro Lestedo

# Cousas de Farruco

"Son Farruco Louro Lestedo, e alá polos anos sesenta do século pasado fun concibido nos miolos dun urbanita chamado Xosé Luís Bernal. Traballei na radio e televisión, e alanquei por escenarios de toda Galicia referindo contos, lendas e caralladas, polo que recibín gabanzas e parabéns, pero tamén algunha couce ben dada. Nas páxinas que seguen contareivos algúns contos que fun debullando ao longo da miña vida, uns baseados en feitos reais, outros en feitos que merecían ser verdadeiros e a outros nótaselles ben que son unha andrómena. O meu creador, Xosé Luís, tamén quixo participar achegando unhas lerias escollidas entre as súas colaboracións radiofónicas". Texto da editora.

Galaxia Rústica
13,5 × 21 cm 146 páxinas

ISBN: 978-84-1176-227-4

15,48 €




## Benjamín Sande Rodríguez

# Naufraxios singulares

Historias de naufraxios que sucederon, cun matiz novelado. O autor utiliza fontes directas dos protagonistas reais, de aí o carácter "singular" expresado no título da obra. "No caso concreto do *Prestige*, o que se relata está tomado directamente das miñas visitas semanais ao cárcere de Teixeiro para ver ao Capitán Mangouras, e logo seguir o xuízo durante o tempo que durou, día a día". Escribe tamén sobre naufraxios de navíos dos séculos XVI e XVII, de distintas nacionalidades.

Toxosoutos Rústica
13 × 20 cm 270 páxinas

ISBN: 978-84-128122-8-2

16,15 €




## Isidro Dubert (Ed.)

# Galicia, un mar con historia

Neste libro abórdase a importancia de Galicia nas rutas marítimas que trouxeron a fenicios, gregos e romanos até ás súas costas. Igualmente, a participación do vello reino na reactivación dos grandes intercambios económicos e culturais ocorridos en Europa, e toda unha serie de fitos que deron co desenvolvemento da pesca e o comercio marítimo a partir do século XIII ata os nosos días.

Xerais Rústica
14,5 × 21,5 cm 432 páxinas

ISBN: 978-84-1110-529-3

21,80 €




## Francisco Mosqueira Figueroa

# Buques pesqueros de Pasajes

Este libro examina unha parte clave da historia dos barcos de pesca de Pasajes (Guipúzcoa) no século XX, porto que en 1967 chegou contar cunha frota de 86 bacallaeiros. A documentación procede de fontes persoais e dos arquivos Lasanaval, do Museo Marítimo de San Sebastián e da Colección Local de Altza. En castelán.

Medulia Rústica
15 × 23 cm 120 páxinas

ISBN: 978-84-10324-14-5

17 €







## Ramón García Filgueira

# Barcos de cabotaje del norte de España II (casco de madera)

